

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-B-13

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte artigo sobre a asociación o Novo Circo. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

O Novo Circo pide pista

O Novo Circo é unha asociación que une 500 mozos, pallasos, malabaristas, acróbatas e escapistas para impulsar o espectáculo en Galicia.

O Novo Circo galego nada ten que ver con tigres mortos de fame nin con leóns sen dentes. Case todos os seus compoñentes teñen ao redor de 30 anos e forman un núcleo estable de artistas que exploran a mestura de disciplinas, buscan novos espazos máis aló da carpa tradicional e renuncian á utilización de animais.

Como moitos artistas desta nova xeración circense, o malabarista Pablo Reboleiro encarna o prototipo dos artistas que se articulan ao redor dun movemento denominado Novo Circo Galego. Reboleiro posúe unha sólida formación. É licenciado en Circo pola prestixiosa Circus Space de Londres, dependente da Universidade de Kent, e actuou por toda Europa, Sudamérica e ata a India. Ademais de ser licenciado en Circo, onde se especializou en malabares, Reboleiro acabou a carreira de Matemáticas, pero un día díxolle ao seu pai que quería dedicarse ao circo. "O meu pai saíu do Courel e agora é catedrático. Valora moito os estudos, así que imaxínate o cabreo que pillou cando lle dixen que me ía dedicar a isto", explica con humor este malabarista, que recorda o que exclamou o seu pai: "Por favor, pallaso, iso non é vida nin é nada!". Desde que escoitou esa frase, leva xa dez anos traballando como profesional.



Pablo Reboleiro pertence a Pista Catro, un dos seis colectivos que forman parte da Federación Galega de Novo Circo, nada hai apenas medio ano. Ademais desta compañía compostelá, na federación están tamén Circus Fusion de Ferrol, Manicómicos da Coruña, Malandraxe de Vigo, Manazas de Ourense e Cooperactiva, tamén de Santiago. "En total, sumamos unhas 500 persoas que nos dedicamos ao circo", indica Sabela Amado, presidenta da Federación Galega de Novo Circo.

Este medio milleiro de persoas que se dedican ao circo en Galicia pertencen á súa vez a pequenas compañías. "Os profesionais galegos teñen moita calidade, pero temos un problema: vivimos de cara á rúa, pero de costas á mercadotecnia e non somos capaces de vendernos", explica, un tanto frustrada, Sabela Amado. Hai apenas dous meses, a federación alcanzou un dos seus grandes obxectivos: unha nave onde adestrar, perfeccionarse e dar cursos.

Texto adaptado do xornal *El País*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas. ▪ Como está? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? ▪ Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas: Faga un resumo do contido do artigo. ▪ En que consiste a asociación Novo Circo? ▪ En que se diferencian estes mozos doutros de circos máis antigos? ▪ Segundo o texto, cal é un dos problemas que ten a asociación?	
3. RELATO	3 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: nesta parte o candidato debe relatar unha anécdota ou unha historia. O entrevistador escollerá unha das alternativas e diralle ao candidato que faga un relato de aproximadamente 2 minutos. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicáraselle o tempo aproximado de duración. Se este non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Onde estaba? Que pasou? Con quen? Cando? A opción de relato que se lle dá ao candidato (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción. A. Conte con detalle algunha anécdota que teña que ver cunha experiencia no circo ou en calquera outro espectáculo. B. Conte con detalle algún caso de desacordo entre pais e fillos pola escolla da profesión. C. Conte con detalle como cambiou a formación para algunhas profesións.	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

- Que lle parece o circo como espectáculo? Gústalle? Por que?
- No lugar no que vostede vive hai posibilidade de asistir a circos ou espectáculos parecidos?
- Que número dos que se poden ver nun circo lle parece máis interesante? E o máis perigoso?
- Que pensa do uso dos animais nos números circenses?
- Cre que o circo ten que actualizar os números?
- Coida vostede que o circo ten futuro e que seguirá mantendo afeccionados? Por que?
- (Se procede) Pensa que existen diferenzas neste tema entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

- Cales pensa vostede que son as causas das discusións entre pais e fillos?
- Cre que estas discusións se daban máis antes ou agora?
- Cales pensa vostede que son as profesións máis rendibles e prestixiosas hoxe en día?
- Para escoller a profesión é máis importante ser práctico ou pensar na vocación? Que cre vostede?
- (Se procede) Pensa que existen diferenzas neste tema entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Que lle parece que haxa profesións para as que antes non se estudase e agora si?
- Coñece algún caso de profesións que cambiasen moito co desenvolvemento das novas tecnoloxías? Cales?
- Que beneficios pensa que pode ter a combinación de experiencia e formación na vida profesional?
- Cre que hai profesións que non precisan formación? Cales?
- (Se procede) Pensa que existen diferenzas entre a vida profesional en Galicia e no seu lugar de orixe?